Felicita o Nadal en galego

Mensaxes para felicitar o Nadal

Bo Nadal

Felices festas

Feliz Aninovo

Desexvs ls flces festas a tod@s ;-D

Flz ndl e flzs fsts e prspero ano. Qrt m8

Choutando pola rede vaiche esta mensaxe. Cando a recibas séguea ao pé da letra: Bo Nadal

Paz e amor e, sobre todo, moito champaña e turrón

Envíoche os meus mellores desexos para estas entrañables datas e para este novo ano que entra.

Unha pinga de ledicia, un belisco de amor, un chisco de amizade, un anaquiño de ilusión, e xa está a receita para que o novo ano sexa moito mellor.

Nestas datas tan sinaladas deséxoche moita felicidade a ti e aos teus. E que o novo ano veña cheo de alegrías.

Envíoche os meus mellores desexos para este ano que entra e un bico, unha aperta e todo o meu cariño

Cando soen as doce badaladas, pecha os ollos e pídelle un desexo ao novo ano, eu a esa hora farei o mesmo. O meu desexo: que o teu se faga realidade! Feliz ano

Din que o mellor agasallo nestas datas é un sorriso. Aquí tes o meu ;) Felices Festas

Espero que neste novo ano que entra logres acadar todo o que desexas. Feliz ano

O mellor agasallo que me poden facer neste Nadal xa o teño .... Es ti. Feliz Nadal!!

En catalán estas datas felicítanse cun Bon Nadal i Feliç Any Nou!; en éuscaro, Zorionak eta Urte Berri On; en castelán, Feliz Navidad y prospero Año Nuevo, pero eu opto por felicitarte en galego: Bo Nadal e feliz Aninovo

Unha botella de champaña: 30 euros. Cea de Noitevella: 60 euros. Un vestido de festa: 120 euros. Que eu che felicite o ano, non ten prezo! Para todo o demais: AFORRAR. Feliz Aninovo

Para o Nadal, felicidade; para o ano novo, prosperidade; e para sempre a nosa amizade

Amor, saúde, diñeiro, traballo ... e sobre todo moita felicidade, son os meus desexos para estas festas de Nadal e para o vindeiro ano

Envíoche un abrazo e un bico moi grande para que saibas que non me esquezo de ti nestes momentos tan entrañables Feliz ano.

Queríache enviar algo moi especial polo Nadal, pero tiven un problema, como envolvo unha aperta e un bico?

Para felicitarte nestas datas queríache enviar algo incrible, orixinal, agradable, perfecto,... pero síntoo moito, non entro pola pantalla.

Coloca a túa man dereita sobre o teu ombro esquerdo, e a túa man esquerda sobre o teu ombro dereito. Acabas de recibir unha aperta a distancia. Feliz aninovo!

Cando recibas esta mensaxe cerra os ollos e imaxina todo o que desexas para este ano que entra. Din que cando desexas algo con intensidade acaba por cumprirse. Bo Nadal!

Que neste novo ano atopes felicidade, amor, diñeiro, saúde e todo o que desexes. Se non o atopas búscao en Google.

Brindemos por un feliz Nadal e por un inmellorable ano que entra. Felices festas

O mellor agasallo que me poden facer neste Nadal xa o teño .... Es ti. Feliz Nadal!!

Dende Narón deséxoche un bo Nadal para que non esquezas que sempre te teño presente, aínda que esteamos tan lonxe